

Os muíños


Auga, auga
por todas partes

WATER, WATER EVERYWHERE




COMENIUS 1.1
PROXECTOS ESCOLARES

St. Michaels. Reino Unido / Primary School nº53. Polonia / St Brigid's. Reino Unido / Grundschule Fehrbellin. Alemania / CEIP Pio XII. Galicia
CEIP PIO XII. SANTIAGO. GALICIA. ALUMNADO DE 5º E 6º DE EP




En Galicia muíños e hórreos representaron durante séculos as máis importantes construcións para a economía rural e familiar. Nos hórreos gardábase o gran, que logo nos muíños se convertía na fariña coa que se cocía o pan. Todo coa axuda da AUGA.

O muíño de A Seca



O muíño de A Seca está situado na Ria de Arousa, concretamente na enseada de Cambados. O seu nome fai referencia ao lugar no que se atopa, pois indica a gran extensión de terreo que queda en seca na baixamar. Aproveitando esta seca, instálase no interior da enseada, na parte máis estreita, onde forma a presa.

A orixe do Muíño de A Seca está relacionado co Pazo de Fefiñáns. Dise da existencia dun manuscrito asinado e datado no 4 de maio de 1622 no que se di que se construíu. O edificio é



unha encoro pechado por un forte muro sobre o que se ergue o edificio do muíño. Este muro está realizado con grandes sillares pola parte que dá ao mar, para darlle maior consistencia. Nel están as comportas que permiten o paso da auga á presa cando enche o mar.


Para moer aproveitábase as secas, que son de tres horas, pero coas mareas vivas o tempo ampliábase. O rendemento máximo por muíño nesas tres horas era duns 200 kg.

como funciona un muíño de auga?

O muíño é unha máquina que utiliza a forza da auga do río para moer o gran de trigo, millo ou centeo e convertelo en fariña.

Para que a auga poda mover a roda do muíño é necesario que entre con certa velocidade. A auga pode entrar de dúas maneiras:

- Mediante unha pequena canle que desvía a auga do río ata o interior do muíño.
- Construindo unha presa que acumula a auga e vaina soltando cando se necesita para que saia con maior forza.



Reposadoiro (nº 9)
Moega (nº 4)
Quenlla (nº 5)
Traque (nº 6)
Olla da moa (nº 7)
Pe de moa (nº 15)
Inferno
Aliviadoiro (nº 12)
Canle (nº 18)
Redicio (nº 25)

Os muíños de Vedra



Outros muíños



Os muíños Anllóns

Ao longo do curso do río Anllóns atopamos varios muíños de auga. O río Anllóns nace en Laracha (A Coruña), pasa por Carballo, Coristanco, Cabana de Bergantiños e Ponteceso, onde desemboca. Ao seu paso pola Saimia atopamos o muíño deste nome que data de 1858, situado na parroquia de San Felipe de Anllóns. Foi construído de xeito moi elemental e económico, pero sufriu moitas reformas.



Os muíños de A Lama

A tradición de moer é tan vella na Lama como o seu propio poboamento. Atopáronse restos de muíños prehistórica e de influencia romana. Estes últimos mantivéronse ata o século XX, sendo manuais e de pequenas dimensións. A grande cantidade de muíños conservados, explicase polo illamento da zona e a necesidade de almacenar para abastecerse, debido a falta de mercados preto da zona.



Os muíños de Zamáns

En Vigo poden atoparse muíños de auga ou restos do que foran, en catro parroquias: en Sárdoma, Teis, Valadares e Zamáns. Incluso hai un exemplo de gran interese nas Illas Cíes. Patrimonio ten catalogados dezaseis muíños de auga en Zamáns. Cinco deles permanecen mergullados baixo as augas do encoro. A inmensa lagoa artificial garda tesou ros doutra sociedade na profundidade das súas augas.